

DIFERENZAS SALARIAIS ENTRE O PERSOAL DOCENTE DA ESO E DE BACHARELATO

O acordo, aínda non publicado no BOE, entre as organizacións sindicais maioritarias e as patronais contempla unha suba do 2% para o persoal que non está en pago delegado. Isto significa agrandar a diferenza retributiva entre o persoal que está en pago delegado e o que está en pago directo polas empresas.

As organizacións asinantes deste acordo ignoran sistematicamente o agravio comparativo que se está a producir ano tras ano sen tentar sequera atopar unha solución que vaia achegando as diferenzas salariais.

Moitas empresas aproveitan esta barbaridade para ir desviando parte da xornada laboral do persoal en pago delegado cara á bacharelato sen ter en conta o Convenio, que no seu artigo 58 di: "*Movilidad funcional interna en el grupo/subgrupo. La movilidad funcional dentro del grupo/subgrupo no tendrá otras limitaciones que las exigidas por las titulaciones académicas o profesionales precisas para ejercer la prestación laboral. **Esta modalidad no podrá implicar una reducción salarial.***"

Utilízanse distintas argucias legais para que as persoas traballadoras asinen estas modificacións nos seus contratos "de mutuo acordo" e tendo moi caladiño cales son as consecuencias desa aceptación.

Para este ano 2022, e tendo en conta o acordo asinado aínda que non publicado e polo tanto non cobrado:

O salario dun ha persoa licenciada na ESO en Galicia é de 2463,35 en 14 pagas(SB e CRCA).

O salario dunha persoa licenciada en bacharelato vai ser de 2114,57 en 14 pagas(SB eCB).

A diferenza é de 348,78 euros en cada unha das 14 pagas a xornada completa.

Por hora lectiva, na ESO o salario sería de 98,53 en cada unha das 14 pagas.

Por hora lectiva, no bacharelato o salario sería de 84,58 en cada unha das 14 pagas.

Por hora lectiva a diferenza sería de 13,95 euros en cada unha das 14 pagas.

A diferenza anual en xornada completa sería de 4882,92 euros.

A diferenza anual por hora lectiva sería de 195,30 euros.

Afortunadamente cada vez máis empresas e cada vez máis persoas traballadoras están a dicir que isto é intolerable e se están a propiciar acordos que nos devolven o sorriso da xustiza e a solidariedade. Agardemos que, as grandes organizacións, se sumen dunha vez por todas a este camiño de sentido único.

SOLIDARIEDADE

A información para todas e todos

<https://snepdeg Galicia.org>

<https://www.facebook.com/snep.galicia.16>